

Barreiros, 18 de febreiro de 2015.- O Alcalde, Jose Alfonso Fuente Parga

R. 0707

## CASTROVERDE

### *Anuncio*

Aprobadas pola Xunta de Goberno Local na sesión que tivo lugar o día 09 de febreiro de 2015, as bases específicas para a concesión de subvencións para a realización de obras e actividades culturais e deportivas por parte de comunidades, agrupacións ou asociacións do Concello de Castroverde, faise público que o prazo de presentación de solicitudes será de corenta días naturais seguintes á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Igualmente faise público que a documentación atópase a disposición dos interesados nestas oficinas municipais e na páxina web do Concello.

Castroverde, a 18 de febreiro de 2015.- O ALCALDE, Xosé Mª Arias Fernández

R. 0708

## FOLGOSO DO COUREL

### *Anuncio*

Mediante Decreto de Alcaldía de data 16 de febreiro de 2015 e de conformidade co disposto na Lei Reguladora da Xurisdicción Contencioso- Administrativa, resolveuse remitir ao Xulgado Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, o expediente correspondente ao recurso que de seguido se indica:

Recurso: Ampliación Procedemento ordinario 5/2015 D sobre expediente de recuperación de uso público

Parte recurrente: María Isabel Rodríguez Álvarez

Parte demandada: Concello de Folgoso do Courel

De conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso -Administrativa emprázase a cantos teñan a condición de interesados para que poidan persoarse como demandados no prazo de nove días.

Folgoso do Courel, a 18 de febreiro de 2015.- A Alcaldesa -Presidenta, Dolores Castro Ochoa

R. 0710

### *Anuncio*

O Pleno do Concello de Folgoso do Courel en sesión ordinaria celebrada o 26 de decembro de 2014 acordou aprobar inicialmente o Regulamento sobre exclusión da obriga de presentar factura electrónica nas facturas inferiores a 5.000 euros. A devandita ordenanza foi exposta ó público polo prazo de 30 días hábiles mediante anuncio publicado no BOP de Lugo nº 6 de 9 de xaneiro de 2015 sen que durante ese prazo se presentase reclamación algunha, polo que se entende definitivo o acordo inicialmente adoptado co texto que se transcribe:

#### **REGULAMENTO SOBRE A EXCLUSIÓN DA OBRIGA DE PRESENTAR FACTURA ELECTRÓNICA NAS FACTURAS INFERIORES A 5.000 EUROS**

##### **PREÁMBULO**

A Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, recolle no artigo 4 os provedores que están obrigados ao uso da factura electrónica e a súa presentación a través do punto xeral de entrada que corresponda.

Establece tamén no citado artigo que as Administracións Públicas poderán excluír regulamentariamente desta obriga de facturación electrónica ás facturas cuxo importe sexa de ata 5.000,00 euros e as emitidas polos provedores aos servizos no exterior das Administracións Públicas.

Tendo en conta as características dos provedores cos que traballa esta Entidade Local crese necesario facer uso desta facultade de exclusión para así evitar que determinados provedores teñan dificultades para a xestión das facturas emitidas.

A entrada en vigor do artigo 4 da citada Lei, como recolle a Disposición final oitava, sobre obrigas de presentación de factura electrónica a partir do 15 de xaneiro de 2015, fai necesario regular esta facultade que teñen as Administracións Públicas de excluír da obriga de facturación electrónica.